

Resolución do procedemento de inscrición de tres rodais do Monte Covelo (Concello de A Lama) no Rexistro de Masas Consolidadas de Frondosas Autóctonas

Antecedentes

1. O 10/12/2021 a persoa titular do monte veciñal en man común (en adiante MVMC) de Covelo (A Lama) solicitou o inicio do procedemento de inscrición do dito monte no Rexistro de Masas Consolidadas de Frondosas Autóctonas, de acordo co artigo 6 do Decreto 167/2019, do 5 de decembro, polo que se crea e se regula o Rexistro de Masas Consolidadas de Frondosas Autóctonas
2. O día 12/01/2022 o Servizo de Montes de Pontevedra solicitou á persoa titular do monte que emendase a súa solicitude, por non cumprir todos os requisitos dos artigos 6 e 7 do Decreto 167/2019. A documentación corrixida recibíuse o 14/01/2022.
3. O día 14/03/2022 o Servizo de Montes de Pontevedra informou favorablemente a súa solicitude.
4. O día 05/04/2022 publicouse no Diario Oficial de Galicia (DOG) un anuncio polo que se someteu a información pública o procedemento de inscrición no Rexistro de Masas Consolidadas de Frondosas Autóctonas de tres rodais do Monte Covelo, no Concello de A Lama.
4. Durante o período de información pública non se presentaron alegacións.
5. Instruído o procedemento, o 18/05/2022 comunicouse á CMVMC de Covelo a apertura dun trámite de audiencia, en cumprimento do artigo 11.6 do Decreto 167/2019, e do artigo 82 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
6. Durante o trámite de audiencia a CMVMC de Covelo non presentou alegacións.
7. O 17/06/2022 o xefe do Servizo de Montes de Pontevedra formulou a proposta de resolución do expediente, que a continuación elevou á Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal.

Consideracións legais e técnicas

1. O procedemento de inscrición do **Monte de Covelo** no Rexistro de Masas Consolidadas de Frondosas Autóctonas instruíuse de acordo co Decreto 167/2019.
2. Segundo o artigo 12.1 do Decreto 167/2019, o órgano competente para resolver é a Administración forestal, que de acordo co artigo 8 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de
[DIRECCIÓN XERAL DE PLANIFICACIÓN E ORDENACIÓN FORESTAL](#)
[CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL](#)
San Lázaro s/n
15781 Santiago de Compostela
T. 981 546108
forestal.mediorural@xunta.gal



Galicia, é o órgano da Comunidade Autónoma, con rango de dirección xeral ou secretaría xeral, con competencias en materia de montes.

3. O artigo 15.1 do Decreto 149/2018, do 5 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural e se modifica parcialmente o Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, establece que á Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal correspóndelle o exercicio das competencias inherentes á política forestal, desenvolvendo as medidas relacionadas coa planificación, ordenación, fomento, mellora da produción e conservación dos recursos forestais.

Tendo en conta o anterior, **RESOLVO:**

1. A inscrición de tres rodais do Monte Covelo no Rexistro de Masas Consolidadas de Frondosas Autóctonas, unha vez se teña realizado o pagamento da correspondente taxa (artigo 13.6 do Decreto 167/2019), coas seguintes características:

Número de rexistro: 36009

Nome do monte: Covelo (A Lama, Pontevedra)

Titular: CMVMC de Convelo

Concello: A Lama

Superficie a inscribir: tres rodais (couto 1: 4,8639 ha; couto 2: 3,7977 ha; couto 3: 6,9070 ha)

Superficie total a inscribir: 15,5682 ha

2. Que se publique esta resolución na páxina web da Consellería do Medio Rural.

3. Que se notifique esta resolución ao titular do monte, coa indicación de que, previamente á inscrición da masa no Rexistro, deberá presentar o **xustificante de ter realizado o pagamento da taxa por primeira inscrición rexistro oficial** (código da taxa de inscrición en rexistros oficiais 300200).

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer un recurso de alzada ante o conselleiro do Medio Rural no prazo dun (1) mes contado desde o día seguinte ao da notificación desta resolución, de acordo co disposto no artigo 12.5 do Decreto 167/2019 e nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela,
O director xeral de Planificación e Ordenación Forestal
JOSÉ LUIS CHAN RODRIGUEZ
(Asinado dixitalmente)

DIRECCIÓN XERAL DE PLANIFICACIÓN E ORDENACIÓN FORESTAL
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
San Lázaro s/n
15781 Santiago de Compostela
T. 981 546108
forestal.mediorural@xunta.gal

